# PARTICIPACIÓN CON MOSTRA DE SANGUE

## COMO PARTICIPAR EN XENOMA GALICIA (CON MOSTRA DE SANGUE)

### 1. Recibirá unha invitación por SMS

Se foi seleccionado ou seleccionada para participar, recibirá unha mensaxe de texto (SMS) no seu teléfono móbil cunha ligazón a esta mesma páxina web. Nesta web atopará:

- Información completa sobre o proxecto.
- Os documentos necesarios para participar.
- Un teléfono de contacto onde poderá consultar calquera dúbida antes de decidir participar.

### 2. Lea detidamente a información.

Antes de coller cita, é importante que lea con calma a información do proxecto. Pode descargala directamente nas seguintes ligazóns:

- Consentimento informado para participar no proxecto e o cribado xenético (descargar aquí)
- Consentimento informado para doazón ao biobanco (descargar aquí)
- Cuestionario de saúde e hábitos de vida (descargar aquí)

Para que a cita sexa máis rápida e cómoda, pode traer a documentación cuberta desde casa. Se non pode imprimila ou prefire cubrila no hospital, sempre lla facilitaremos alí.

### 3. Solicite unha cita para a extracción de sangue.

Se decide participar, o seguinte paso será seleccionar unha cita para realizarse a extracción de sangue **no seu hospital de referencia** .

Pode facelo de dúas formas:

#### Opción A) Desde a aplicación SERGAS Móbil:

1. Abra a aplicación SERGAS Móbil:




2. Entre nas apartado "Citas" e pulse o botón (+) para crear unha nova cita:
3. Seleccione as apartado "Campañas de Promoción da Saúde (vacinación, cribados...)" e, a

continuación, "Xenoma Galicia - Mostra Sangue":

**Unicamente terán esta campaña activada as persoas convidadas a participar**.







4. Desprácese polo calendario para seleccionar a cita máis conveniente de entre as dispoñibles. Unha vez seleccionada unha cita, esta non é modificable. Unicamente poderá anulala e seleccionar outra sempre que haxa citas dispoñibles.

Se aínda non dispón da aplicación SERGAS Móbil, pode descargala no seu teléfono desde aquí:

Dispoñible en App Store

DISPOÑIBLE EN Google play

**Opción B) Desde un ordenador:**

1. Acceda ao Portal de Citas do SERGAS e identifíquese (pique aquí) .

2. Seleccione 'Campañas de Promoción da Saúde (Vacinación, Cribados etc.)'.




3. Elixa a campaña 'Xenoma Galicia - Mostra Sangue'.




## 4. Acuda á súa cita para a extracción de sangue.

- **Non é necesario que faga xaxún previo.**
- Diríxase ao momento de extraccións do seu hospital de referencia á hora indicada.
- Se trae a documentación impresa de casa, indíquello ao persoal para que lla revisen. Se non a trae, proporcionaráselle no momento para que a cubra.
  Poderá realizar as preguntas que considere ao persoal colaborador do proxecto.

## Moitas grazas pola súa colaboración.